

V SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

## Recuperando espazos naturais mediante a custodia do territorio

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 18 DE SETEMBRO

### Limpeza de invasoras e lixo na praia da Alameda

O obxectivo desta xornada é eliminar varias plantas invasoras na praia da Alameda (Ponte do Porco, Miño), dentro do espazo natural protexido ZEC Betanzos-Mandeo. Empezamos a arrincalas hai cinco anos, pero sempre nace algunha das sementes depositadas na area. Revisaremos a presenza de plumachos (*Cortaderia selloana*), da uña de gato (*Carpobrotus edulis*), santalina de auga (*Cotula coronopifolia*) e eixerón (*Conyza canadensis*). Este ano acometeremos tamén a erradicación da *Crocsmia x crocosmiiflora*, do *Aster squamatus* e do *Cyperus eragrostis*. O tempo que nos quede libre empregáremolo en recolle-lo lixo manualmente, pois nesta praia está presente o raro escaravello das praias (*Eurynebria complanata*), polo que non é conveniente que se utilicen medios mecanizados.

O punto de encontro será o Centro de Saúde de Betanzos ás 9:30 da mañá para compartir vehículos. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 na praia. Para chegar alí hai que ir até a Ponte do Porco, aparcas no entorno dos xardíns, baixar polas escaleiras de madeira á praia e andar pola pasarela uns 200 metros até o punto de encontro.

Convén que leves luvas de coiro, ou no seu defecto de cociña. As follas dos plumachos son cortantes, polo que é aconsellable levar roupa de manga longa e gafas (de sol, graduadas ou de seguridade) para protexe-los ollos. Se tes unha esporta (*capacho*) e un sacho, lévaos por se non chegan os que proporcione a organización. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas.

Os cativos poden participar na recollida de lixo e no arrincado das plantas (excepto os plumachos), sempre que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice deles.

Contamos cos permisos de Demarcación de Costas e da Dirección Xeral de Conservación. O Concello de Miño colaborará no transporte e tratamento dos residuos.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aferrar no seguro. Se tés algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.